- Os usuarios de comedor sairán do seguinte xeito:
  - alumnado non transportado: escalonadamente ás 14:30 h.,
  - alumnado transportado: a partires da 14:50 acompañados polos mestres de garda e nais colaboradoras como reforzo.

Id.

Medidas en relación coas familias e ANPA

**36. Madrugadores ou actividades previas ao comezo da xornada** (previsións en relación co programa de madrugadores ou de actividades previas ao inicio da xornada, as medidas e determinacións que figuren no plan deberán ser coordinadas coa ANPA ou o concello que preste ou organice o servizo e incorporaranse ao presente plan)

→ Dita actividade é ofertada pola ANPA do centro, como actividade extraescolar, estará supeditada a que o alumnado que participe nela pertenza ao mesmo grupo estable de convivencia.

**37. Actividades extraescolares fóra de xornada lectiva ou posteriores ao servizo de comedor** (previsións para a realización de actividades extraescolares fóra da xornada lectiva ou posteriores ao servizo de comedor, deberán ser coordinadas co organizador do servizo)

→ Ofertas pola Anpa, xúntase como anexo o seu plan de actividades.

→ En dito protocolo recolleranse as medidas de prevención e protección fronte ao COVID e determinará con claridade as responsabilidades das persoas organizadoras ou xestoras.

→ Dito Plan só será aprobado pola dirección do centro se o alumnado que participa nas diferentes actividades pertence ao mesmo grupo de convivencia estable, xa que en caso contrario non tería ningún sentido o resto de organización do centro.

**38. Determinacións para as xuntanzas da ANPA e o Consello Escolar**

→ **Consello Escolar** terán dúas modalidades dependendo da situación epidemiolóxica no momento das mesmas. Deste xeito propoñemos:

- *Reunións telemáticas* a través da plataforma Cisco Webex, ofertada pola Consellería.
- *Presenciais*, sempre e cando a evolución da Covid o permita. Neste caso, e dado que o consello escolar está formado por 14 persoas, as reunións levaríanse a cabo nun espazo que garanta a distancia de seguridade e con ventilación suficiente: biblioteca ou aula de música.

→ **Reunións da ANPA:**

- Reunións da directiva: ao ser un número reducido de persoas, poderán facela de xeito presencial se a situación epidemiolóxica o permite, empregando un espazo do colexio o suficientemente amplo que garanta a distancia de seguridade. Farase unha solicitude previa para asignar espazo e facer as tarefas de desinfección e ventilación pertinentes.
- Reunións xerais da ANPA: estas reunións realizaranse, preferentemente, de xeito telemático. No caso da necesidade de facela de modo presencial, terían lugar no comedor, garantindo a distancia e limitando o aforo.

**39. Previsión de realización de titorías e comunicacións coas familias**

→ Empregarase a comunicación por teléfono ou videochamada, así como videoconferencia, deixando constancia por escrito da mesma (data, nome apelidos do pai/nai, tema de titoría, acordos, ...).

→ Solicitarase a titoría a través da axenda do alumno, abalarmobil ou por teléfono. Asemade, calquera mestre pode convocar a titoría cando considere que a situación o require.

→ De evolucionar favorablemente a situación de pandemia, volveremos ás titorías presenciais, os martes de 17 a 18 h.

→ A reunión de inicio de curso farase de xeito presencial (moita información novidosa) por grupos de convivencia estable; súspendese a reunión xeral, dada a grande afluencia de familias que viñan ao centro. Toda a información necesaria para estas irá na axenda que se lle entrega ao alumnado a principio de curso e nun pequeno resumo que se lles enviará por correo electrónico e colgarase na web.

**40. Normas para a realización de eventos**

→ A nivel grupal quedan suspendidos ata que a situación epidemiolóxica mellore de xeito considerable.

→ As celebracións, conmemoracións e /ou actividades realizadas habitualmente verán modificada a súa organización e xestión, establecendo outras canles de difusión para compartilas coas familias (gravacións, fotos, ...).

→ As saídas didácticas poderán levarse a cabo respectando a normativa vixente no momento de realizalas, sobre todo en canto ao aforo de museos, salas, ... e as de transporte. Aconséllase que se realicen dentro da propia localidade e ao aire libre, sendo un bo curso para explorar os numerosos recursos que ofrece a nosa vila.

Id.	<b>Medidas para o alumnado transportado</b>
-----	---

<b>41.</b>	<p><b>Medidas</b> (establecemento de medidas de entrada e saída dos vehículos no centro educativo, establecemento dun espazo de espera para o alumnado transportado, de ser o caso, criterios de priorización para o uso do transporte)</p> <p>→ Solicitaremos ao Concello que habilite o espazo necesario para que os transportes descarguen de xeito seguro e rápido, facilitando as súas manobras, en tanto non dispoñemos de dársena.</p> <p>→ O alumnado transportado deberá sentar sempre e ao longo de todo o curso no mesmo sitio (agás que o persoal do transporte teña motivos para cambiálo de sitio), utilizar a máscara e poñer o cinto de seguridade; falando en voz baixa e mantendo a distancia de seguridade ao subir e baixar do bus.</p> <p>→ As empresas de transporte facilitarán ao equipo covid un croque do lugar asignado no bus a cada alumno, co gallo de facer rapidamente a trazabilidade de contactos no caso de situacións de posibles contaxios.</p> <p><b>Entradas</b></p> <p>→ O transporte escolar realizará a súa parada no centro do xeito establecido no plano que se xunta, de forma que sempre parará no mesmo lugar para identificalos rapidamente e facilitar o desprazamento do alumnado sen aglomeracións.</p> <p>→ O alumnado transportado será recollido polo seu profesorado, unha vez pase o corredor de acceso ao recinto e irá á aula correspondente.</p> <p><b>Saída:</b></p> <p>→ O alumnado tanto de Educación Infantil como de Educación Primaria sairá do comedor agrupado por cursos e transportes para evitar que se mesturen e aglomeracións innecesarias.</p> <p>→ A saída se realizará sempre pola súa dereita, seguindo sempre a orde das frechas.</p> <p>→ O alumnado de Reigada e Palacio bus sairá pola porta pequena. Os de Bascós, FBI-Castro Caldelas e Municipal pola grande. Ver plano anexo</p>
------------	---

Id.	<b>Medidas de uso do comedor</b>
-----	----------------------------------

<b>42.</b>	<p><b>Quendas, lugares ocupados polos comensais e priorización do alumnado</b> (establecemento de quendas para o uso de comedor, determinación dos lugares ocupados polos comensais, priorización do alumnado sobre o resto do persoal do centro)</p> <p>→ O alumnado usuario do comedor que forme parte de grupos colaborativos ou grupos estables de convivencia no ensino infantil e no de primaria pode comer agrupado sen respectar a distancia establecida a nivel xeral, separando os grupos por 1,5 metros un do outro.</p> <p>→ Asignaranse postos fixos durante todo o ano para o alumnado (identificados na mesa) e garantirase a estanqueidade.</p> <p>→ A encargada do comedor elaborará un croque sinalando o lugar asignado a cada alumno para facer un seguimento rápido dos contactos máis próximos. (Ver plano).</p> <p>→ No comedor realizaranse os desprazamentos sempre pola dereita, segundo as marcas establecidas no chan</p> <p>→ Deberán entrar ao comedor coas mans limpas, previamente desinfectadas na aula con auga e xabón.</p> <p>→ A entrada no comedor realizarase por unha única porta, en ringleira, mantendo a distancia de seguridade e sempre acompañados polo seu mestre/a, ata que estean sentados.</p> <p>→ Dada a imposibilidade de dar servizo a todo o alumnado que solicitou comedor nunha única quenda e mantendo as distancias de seguridade, estableceremos outros espazos para xantar: Educ. Infantil: cada grupo na súa aula; e habilitarase a biblioteca, ...</p> <p>→ Se temos persoal colaborador suficiente, as dúas quendas funcionarán do seguinte xeito: unha primeira con todo o alumnado que non emprega o transporte escolar entre as 13:45 e 14:20 (permanecendo no sitio ata ser recollido pola súa familia) e unha segunda para o alumnado transportado entre as 14:25 e ás 15 h., tendo en conta que será necesario desinfectar as mesas. As cadeiras serán utilizadas de xeito alterno. Ventilarse ao máximo o espazo.</p> <p>→ Na medida do posible, o alumnado sentarase no comedor agrupado por aulas e transporte, de xeito que se manteña a continuidade do grupo de pertenza.</p> <p>→ O alumnado da segunda quenda deberá agardar na súa aula. O alumnado do primeiro turno, cando remate marchará para casa ou subirá á súa aula, segundo sexa transportado ou non acompañado pola</p>
------------	--



nai colaboradora do comedor.

- Os abrigos e mochilas dos transportados quedarán nas aulas ante a imposibilidade de colocalas no comedor sen que se xunten.
  - Os que non utilizan o transporte escolar, pero sí o comedor, colocarán as súas pertenzas no respaldo da súa cadeira.
  - No caso de saír ao patio deberán facelo mantendo a continuidade do grupo de convivencia.
  - Dada a imposibilidade de limpar as mans tralo xantar, a responsable do comedor botaralles o xel hidroalcolico para a desinfección.
  - A saída realizarase polas outras portas sinaladas no plano, en función da ubicación do alumnado.
  - O uso dos aseos será vixiado, limitando o seu uso a un usuario de cada vez.
  - A hixiene bucal realizarana na casa, xa que non hai espazo suficiente para facelo no centro.
  - Unha vez rematado o servizo do comedor o alumnado abandonará o centro.
  - O persoal colaborador extremará as medidas de hixiene, protección e desinfección de mans.
  - Procurarase que o mesmo grupo sempre sexa atendido pola mesma persoa.
  - O xantar, elementos e útiles que se utilicen no servizo de comedor ocuparán espazos protexidos do contacto co alumnado.
  - Empregaranse bandexas para diminuír o número de desprazamentos do persoal colaborador polo comedor. Non haberá autoservizo.
  - Prohibido compartir comida ou bebida.
  - Todo o enxoval será lavado no lavalouzas (incluso a que non se utilice, pero puidera estar en contacto co alumnado) a temperatura alta (máis de 60 ° e o tempo necesario para que se inactive el SARS-Cov-2).
  - Posteriormente almacenarase en espazos pechados.
- Ver plano no documento anexo.

**43. Persoal colaborador** (previsión sobre o persoal colaborador, tendo en consideración que debe ser o mesmo durante as diferentes quendas) (non incluír datos de carácter persoal)

- Na actualidade contamos con 9 nais colaboradoras; de facer dúas quendas necesitaremos máis persoal voluntario co gallo de coidar ao alumnado que está en espera ou ao que teñen que recoller.
- A súa dotación de protección individual será: máscara (a ser posible FFP2, sen válvula); pantalla facial ou gafas de protección e luvas (que se substituirán en cada cambio de tarefa).
- Deberán ter un rigorosa hixiene de mans e o cabelo recollido e protexido.

**44. Persoal de cociña** (previsión sobre o persoal de cociña e a limpeza da mesma) (non incluír datos de carácter persoal)

- Contamos cunha oficial 2ª de cociña e dúas auxiliares, suficientes para preparar os menús e dado que no centro se estableceu, por acordo do Consello escolar e ratificado todos os cursos, a colaboración das nais nalgunhas tarefas para a mellora do servizo non realizaban o emplatado dos menús, debendo este curso colaborar nesta tarefa dada a situación que temos.
- Este curso deberán colaborar no servizo dos menús ao alumnado.

Id.

## Medidas específicas para o uso doutros espazos

**45. Aulas especiais, ximnasios, pistas cubertas...** (realizaranse as previsións que sexan precisas noutros espazos do centro tales como aulas especiais —tecnoloxía, música, debuxo, inglés, laboratorios...— ximnasios, pistas cubertas, salóns ou calquera outro espazo de uso educativo. As previsións incluírán normas de uso e limpeza)

### Laboratorio de idiomas:

- A principios de curso, e segundo as instrucións do protocolo, elaboraremos un horario para que todos os cursos que non dispoñen de ordenadores para todo o alumnado do curso poida pasar por dita aula para iniciais no manexo da páxina web e aula virtual, por se houbese novamente ensino a distancia.
- A materia de inglés impartirase na aula ordinaria de cada grupo. De forma excepcional, empregarase o laboratorio de idiomas, sempre segundo as normas específicas de uso establecidas, as dos desprazamentos e a desinfección da aula e mans ao inicio e remate da clase.
- Pódense realizar actividades orais de gran grupo, pero sen desprazamento.
- No caso de realizar actividades orais en pequeno grupo, os equipos estarán formados polos nenos ou



nenas máis próximos, evitando terse que cambiar de sitio.

### **Música**

→ Evítarase na medida do posible desprazamentos do grupo de convivencia estable polos corredores, así pois, a aula de música non se empregará de xeito habitual. Non obstante, cando o mestre especialista así o considere, farase uso dela para actividades de movemento e danza ou ben doutra índole, cando sexa inviable a súa realización na aula ordinaria. Respectarase sempre a distancia de seguridade.

Para a súa utilización seguirase o seguinte protocolo:

→ **Práctica instrumental:**

→ O emprego de instrumentos musicais nesta aula será limitado pero sempre que se faga, será de uso totalmente individual, debendo procederse, unha vez rematada a actividade, á súa desinfección, sendo controlado mentres o fai, e á limpeza de mans.

→ É desaconsellable o uso de instrumentos de vento (pola proxección das gotículas) ou facelo mantendo unha distancia de seguridade de tres metros.

→ No caso de utilizar a frauta esta será persoal e intransferible, identificada con nome e apelidos tanto no estoxo como na propia frauta.

→ Moi importante a limpeza da frauta xa que, a condensación do aire no interior dela é un foco importante de propagación de virus polo que se debe ser moi concienciado nesta desinfección. O limpador nunca será prestado a ningún compañeiro/a.

→ A práctica instrumental con frauta realizarase incrementando a distancia de seguridade dentro do espazo e colocándose todo o alumnado na mesma dirección, de cara ao mestre. Máxima ventilación da aula.

→ Reduciranse ao mínimo as actividades de canto polo mesmo motivo, aplicando as mesmas medidas de seguridade que no caso anterior (distancia de tres metros).

→ Todo o alumnado desinfectará as súas mans antes e despois da práctica instrumental. Todos aqueles instrumentos de pequena percusión empregados polo alumnado serán desinfectados seguidamente ao seu emprego.

→ **Danza e movemento:**

Darase prioridade á realización de coreografías sen contacto físico e sen emprego de elementos externos. Estas realizaranse sempre na aula de música, onde se eliminarán para esta actividade cadeiras ou calquera outro elemento que entorpeza ou reduza o espazo da aula. A máscara será de uso obrigatorio para todo o alumnado.

### **Relixión**

→ Nesta área faise necesario dividir o grupo de convivencia estable.

→ Seguiranse as normas establecidas nos desprazamentos e na propia aula.

### **Biblioteca**

→ Recoméndase pechala como zona de estudo e manter o préstamo de libros.

→ O alumnado solicitará a través da súa mestra o libro de préstamo.

→ Estableceranse tornos de reparto.

→ Gardaranse en corentena os libros devoltos (asignarase un día de recollida e reparto por nivel)

→ Todas as actividades colectivas quedan suspendidas provisionalmente ata que a situación sanitaria permita volver á normalidade.

→ Haberá información na porta sobre aforo, normas de seguridade e de hixiene dentro dela.

→ Garantirase a ventilación tralo uso, permanecendo a porta e as ventás sempre abertas, se é posible.

→ Haberá mampara de separación e liña de espera no chan, xunto ao mostrador no que se realizan os préstamos.

→ Evítarase a rotación do profesorado nun mesmo día.

→ Evítarase o contacto directo do alumnado cos andeis de libros.

### **Zona interior de infantil**

→ Inhabilitado o seu uso como zona de recreo.

## **46. Educación física (existirán determinacións específicas para a materia de educación física)**

### **Medidas organizativas comúns para o ximnasio e pavillón:**

→ O uso da máscara será obrigatorio agás que se realicen no exterior, de maneira individual, a máis de 2 metros e que o uso da máscara resulte inadecuado ou imposibilite a práctica. Na medida do posible minimizarase o uso de materiais que teñan que ser usados por varios alumnos e procurando a súa limpeza e desinfección despois do seu uso ou a realización de hixiene de mans. A máscara gardarase na bolsa ou sobre do alumno que terá posto o nome.

- Cando ese material vaia ser empregado en dúas sesións consecutivas, deixarase un tempo para que a actuación dos produtos desinfectantes sexa efectiva, polo que ao inicio das sesións non se debe empregar ese material.
- Evitaranse as actividades e xogos de contacto.
- O alumnado esperará sentado na súa aula á chegada do/a mestre/a de EF.
- Seguiranse as normas establecidas nos desprazamentos e na propia aula (colocaranse as máscaras para os desprazamentos polas zonas comúns e formará unha ringleira gardando a distancia de seguridade, ao fronte da mesma irá o mestre e dirixiranse de forma ordenada cara á saída establecida).
- Ao chegar ao ximnasio/pavillón será o mestre quen abra a porta e cada alumno ou alumna irá entrando e limpando os pes na alfombra con desinfectante que haberá na entrada, a medida que vaian limpando os pes deberán lavar as mans con xel hidroalcohólico que haberá na mesa de entrada, por último dirixiranse ao lugar asignado polo mestre para comezar a clase.
- Para o inicio das sesións aconséllanse actividades de execución individual, encaixando neste ámbito as coordinativas e de equilibrio, rítmicas ou de expresión corporal.
- Cando se traballe en pequenos grupos, respectaranse os equipos formados na aula.
- Priorizaranse as actividades individuais, tentado manter a distancia de seguridade de 2 m., co alumnado encarado no mesmo sentido.
- O uso dos vestiarios estará prohibido, agás para usar o baño en caso de necesidade, no que haberá o equipamento necesario (xabón ou xel, panos desbotables, papeleira de pedal, ...). Compre aquí establecer un plan de limpeza dos aseos similar ao que se realice no centro educativo.
- Haberá no almacén de material un bote de xel e panos desbotables por se houbera a necesidade de que alguén tivera que lavar as mans nese momento.
- Unha vez rematada a sesión volverase a realizar unha ringleira e procederá a desinfectar as mans coa solución anteriormente sinalada e limparán os pes na alfombra.
- O mestre unha vez máis ocupará a cabeceira da ringleira e volverase a aula ordinaria polas zonas determinadas no plan, unha vez alí ocuparán os seus postos.

#### **Medidas xerais de limpeza de superficies e material:**

- Utilizaranse desinfectantes como dilucións de lixivia (1:50) recentemente preparada en auga a temperatura ambiente ou calquera dos desinfectantes con actividade viricida que se atopan no mercado e debidamente autorizados e rexistrados e/ou outros xa envasados, No uso dese produto respectaranse as indicacións da etiqueta. Así mesmo, non se deben mesturar produtos diferentes.
- Tras cada limpeza, os materiais empregados e os equipamentos de protección utilizados desbotaranse de xeito seguro, e procederase posteriormente ao lavado de mans.
- Procurarase que os equipamentos ou ferramentas empregados sexan persoais e intransferibles, ou que as partes en contacto directo co corpo da persoa dispoñan de elementos substituíbles. No caso daqueles equipamentos que deban ser manipulados por diferente persoal, procurarase a dispoñibilidade de materiais de protección ou o uso de forma recorrente de xeles hidroalcohólicos ou desinfectantes con carácter previo e posterior ao seu uso.
- Realizar tarefas de ventilación periódica nos espazos utilizados e, como mínimo, de forma diaria e durante o tempo necesario para permitir a renovación do aire. Na medida do posible, manter as portas abertas con cuñas e outros sistemas para evitar o contacto das persoas cos pomos, por exemplo.
- Durante as actividades en recintos pechados, na medida do posible, realizar os tempos de descanso e/ou recuperación en zonas ao aire libre ou ben ventiladas.
- Disporase de papeleiras de pedal, para depositar panos e calquera outro material desbotable, que se deberán limpar de forma frecuente, e, polo menos, unha vez ao día. Así mesmo, estas papeleiras contarán con bolsa desbotable que se cambiará polo menos unha vez ao día.

#### **Medidas para os axentes que participen na práctica deportiva:**

- Deberá manterse a distancia de seguridade interpersonal e utilizar máscara, salvo no momento da sesión. Cando non se utilice, é importante gardala axeitadamente para evitar que adquira e transmita o coronavirus.
- Sempre que sexa posible, os alumnos, durante a práctica deportiva deberán manter a distancia de seguridade interpersonal.
- Evitar lugares concorridos.
- Evitar en todo momento o saúdo con contacto físico ou as celebracións con apertas.
- Utilizar panos desbotables e tiralos á papeleira, tras cada uso.
- Asegurarse de manter unha boa hixiene respiratoria. Iso significa cubrirse a boca e o nariz co cóbado flexionado ou cun pano desbotable ao tusir ou espirrar. Neste caso, desbotar de inmediato o pano usado e lavar as mans.

- Lavar con frecuencia as mans con agua e xabón ou con xel hidroalcohólico.
- Na medida do posible, evitar tocar os ollos, o nariz e a boca e no caso de facelo, prestar atención ao lavado previo de mans.
- Realizar un auto test durante a actividade deportiva, para confirmar se pode ter síntomas de COVID-19: Noto moita temperatura corporal, tose ou falta de alento?

#### 47. Cambio de aula (regularase o proceso de cambio de aula ou visita á aula especial ou espazos de uso educativo)

Como norma xeral evítanse os cambios de aula.

Cando sexa preciso realízanos seguindo as seguintes indicacións.

- Antes de saír da súa aula limparán as mans con hidroxel.
- O alumnado desprazarase a ese espazo en ringleira polo corredor seguindo as frechas do chan e irán tralo seu profesor/a tanto á ida como á volta.
- Cada alumno ou alumna ocupará o lugar que lle indique o profesor ou profesora.
- Ao remate da actividade o mestre deixará as xanelas abertas.
- Antes de saír limparán as mans con hidroxel.

#### 48. Biblioteca (as persoas responsables da biblioteca establecerán normas de uso acomodadas ás xerais establecidas no protocolo)

##### 1. PREPARAR AS INSTALACIÓNS PARA A SÚA REAPERTURA.

- Asegurarnos que toda a biblioteca está desinfectada (aula, mobiliario, equipos de traballo e coleccións) seguindo as recomendacións das autoridades sanitarias e administrativas competentes.
- Para minimizar o contacto entre as persoas usuarias modificarase, na medida do posible, a disposición das mesas e organizarase a circulación de persoas, co obxectivo de garantir o mantemento da distancia de seguridade de 2 metros.
- Se estudará a conveniencia de instalar mamparas de separación na mesa do bibliotecario.
- Os pcs se utilizarán de xeito alternativo.
- Limitarase o aforo máximo para cumprir coas medidas de distancia e seguridade.
- Dispor de xel hidroalcohólico para os usuarios, sendo obrigatoria a hixiene de mans antes do acceso á biblioteca e que estará a súa disposición na entrada da biblioteca.
- Na mesa da bibliotecaria sinalizaremos o chan cunha liña de espera que non debe ser traspasada ata que toque a quenda.
- O persoal de limpeza reforzará a desinfección das instalacións e as superficies de traballo.
- Garantirase a ventilación da biblioteca entre cada sesión e despois dos recreos.
- Prestarase especial coidado na desinfección de pomos, manivelas, pasamáns, mesas, teclados, ratos, cadeiras, etc.
- Habilitarase un espazo na biblioteca para depositar os documentos devoltos durante polo menos 14 días, de xeito que se garanta a súa desinfección.
- Contarase con caixas suficientes para manipular a devolución de documentos.

##### 2. DISPOÑIBILIDADE DE PERSOAL

- Estamos á espera da instrucións da Consellería e valoraremos a dispoñibilidade de profesorado, en función doutras necesidades máis urxentes no centro.
- Organizaranse quendas de traballo do equipo.
- Organizarase o horario de uso da biblioteca por grupos estables de convivencia, procurando deixar unha sesión intermedia para ventilación entre un grupo e outro, tendo en conta as recomendacións sanitarias de separación interpersoal.
- Organizaranse os espazos de circulación.
- Estableceranse as normas de comportamento, hixiene e sanitarias entre os usuarios da biblioteca.

##### 3. DEFINIR OS SERVIZOS

- Valorar que servizos dos prestados con anterioridade ao estado de emerxencia pódense continuar prestando sen risco para a saúde.
- Definir os servizos presenciais que se prestarán.
- Valorar os servizos virtuais postos en marcha a raíz do decreto de estado de alarma.
- Determinar e definir os servizos virtuais que se manterán.
- Deseñar, si se considera oportuno e sempre que se conte cos recursos suficientes, a implanta-

<p>ción de novos servizos tanto presenciais como virtuais.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>→ Realizar un protocolo dos servizos, incentivando a comunicación con todos os usuarios a través de medios físicos (carteis, folletos informativos) e medios dixitais (web do cole, blog da biblioteca e aula virtual ).</li> <li>→ Potenciar recursos e coleccións dixitais que permitan a lectura dixital dende casa.</li> <li>→ Na medida do posible, as novas adquisicións da biblioteca se farán a provedores locais, deste xeito apoiaremos ás librerías e editoriais locais para contribuír a reactivación económica da localidade ou comarca.</li> </ul> <p><b>4. REGULAR O AFORO DENTRO DA BIBLIOTECA</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>→ Evitar en todo momento aglomeracións na biblioteca, garantindo a distancia de seguridade de 1,5 ou 2 metros limitando o acceso de acordo ao novo aforo da biblioteca.</li> <li>→ Os servizos e actividades colectivas (clubs de lectura, obradoiros, contacontos, charlas, etc.) quedarán anulados.</li> </ul> <p><b>5. DESINFECTAR MATERIAL PRESTADO</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>→ Habilitar un espazo para ubicar os fondos devoltos, ata que poidan volver aos andeis.</li> <li>→ Poderanse usar carros/caixas pechadas para o depósito dos materiais, sinalizando neles os días que estes foron devoltos á biblioteca, para así saber a data na que poden voltar a ser utilizados polos usuarios.</li> <li>→ Deixar en corentena durante, alo menos, 4 horas todos os fondos devoltos á biblioteca.</li> <li>→ Aplicar produtos desinfectantes non é recomendable xa que, corremos o risco de danar o material impreso.</li> </ul> <p><b>6. COMUNICAR E PUBLICAR.</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>→ A información na biblioteca realizarase a través de carteis e incluso folletos sobre medidas hixiénicas e sanitarias para o correcto uso dos servizos bibliotecarios: será clara e estará exposta na entrada da biblioteca.</li> <li>→ Para a comunicación externa utilizaremos: a páxina web do colexio, o blog da biblioteca e a aula virtual.</li> <li>→ Aspectos a ter en conta :</li> </ul> <ul style="list-style-type: none"> <li>· Garantía de seguridade espazo limpo de Covid 19.</li> <li>· Apertura das instalacións</li> <li>· Normas de uso</li> <li>· Aforo</li> <li>· Servizos</li> <li>· Realizaranse as reunións necesarias do equipo de biblioteca para intercambiar impresións, modificar protocolos de acordo ás necesidades e costumes de usuarios e en relación ás medidas sanitarias adoptadas.</li> </ul>
---

<b>49.</b>	<b>Aseos</b> (poderanse asignar grupos de aseos ao alumnado de etapas educativas con carácter exclusivo en atención á realidade do centro)
<p>Aforo limitado a un terzo da súa capacidade:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>→1 alumno/a no servizos da planta baixa, tanto na zona de infantil como no corredor, cuxos servizos serán empregados só polo alumnado de relixión, departamento de orientación e/ou biblioteca.</li> <li>→2 alumnos/as por servizo no primeiro e segundo andar. Haberá un sobre no exterior que indique que o aforo está completo ou non, debendo agardar en ringleira o seu turno.</li> <li>→O alumnado deberá hixienizar as mans á saída do mesmo.</li> <li>→Durante os recreos e nas entradas e saídas do centro haberá profesorado de garda vixiando o aforo dos aseos e garantindo que se cumpre a distancia nas ringleiras de entrada e saída.</li> <li>→O público en xeral que non teña a condición de persoal do centro ou de alumnado só poderá acceder aos servizos da planta baixa.</li> <li>→No caso de alumnado da etapa de infantil ou con NEE, o persoal coidador que acompañe ao alumnado ao aseo deberá portar as proteccións individuais axeitadas.</li> <li>→O persoal coidador cando teña que cambiar de roupa a algún alumno ou alumna empregara o aseo que este alumno ou alumna teña asignado.</li> <li>→Todos os servizos terán cartelería sobre o correcto lavado de mans.</li> <li>→Priorizarse o uso dos servizo da propia planta.</li> <li>→Manterase unha axeitada ventilación dos servizos.</li> <li>→Asegurarase en todo momento o subministro de material hixiénico (xabón, panos desbotables e papeleira de pedal.</li> <li>→Evitarase a aglomeración de alumnado nas portas dos servizos. Habilitarase un sistema de identificación de baños para ser utilizados en exclusiva por un grupo clase e se colocará na porta un "panel" que</li> </ul>	



axude a saber antes de entrar cantos usuarios hai dentro do baño (cada neno terá un marcador que colocará no lugar axeitado da bolsiña colgada na porta).

- Uso obrigatorio da máscara, tirar da cadea coa tapa baixada, lavar as mans antes de saír .
- Prohibido beber directamente das billas ou encher as botellas de auga nos baños.

Id.

### Medidas especiais para os recreos

**50. Horarios e espazos** (as determinacións sobre o horario do recreo, os espazos, de ser o caso incluso as divisións dos mesmos, e do uso e orde no recreo realizarase minuciosamente no plan con asignación de espazos a grupos ou niveis coas previsións propias para os grupos estables de convivencia)

As sinaladas no parágrafo 35, no que se fala das gardas de recreo e asignación de espazos.

**51. Profesorado de vixilancia** (nas determinacións figurarán os criterios para a asignación do profesorado de vixilancia, existirá un cadro que defina os horarios dos grupos de convivencia estable) (non incluír datos de carácter persoal)

- 4 en Educación Infantil, sairá ao recreo no mesmo tempo lectivo e establecerán 3 zonas. co gallo de saír ao patio sempre que o tempo o permita. Estes grupos terán máis flexibilidade á hora de decidir os tornos
- 12 en Educ. Primaria: seis nas aulas e seis no patio ( recreo , hora de ler; despois, ao revés). Sairán todos ao patio, agás días de chuvia.
- Tentaremos que o profesorado soamente realice gardas de recreo ou de ausencias do profesorado naqueles cursos nos que imparte docencia.

Id.

### Medidas específicas para alumnado de educación infantil e dos dous primeiros cursos de primaria

**52. Metodoloxía e uso de baños** (incluír previsións sobre a metodoloxía na aula e uso de baños que estean situados na mesma, tamén figurarán determinacións sobre o traballo en recantos e de uso do material de aula)

#### Rutinas xerais:

- Momentos de desinfección de mans: unha parte importante da xornada estará marcada pola implantación da rutina de desinfección de mans (con xel hidroalcohólico ou auga e xabón), establecendo como mínimos os seguintes momentos: antes de entrar na escola, antes da merenda, despois da merenda, antes de ir ao patio, ao voltar do patio, antes de rematar a xornada lectiva. Ademais será recomendable facelo tamén antes de entrar un especialista na aula e tamén antes de abandonar este a aula, levando a cabo a primeira desinfección a titora e a segunda o/a especialista que acuda á aula.
- Entrarán respectando a orde e horario establecido e acudirán da casa co mandilón xa posto. Os abrigos e mochilas colocaranse nas cadeiras, xa que non se poderán empregar os percheiros da clase.

#### Asemblea:

- Farase co alumnado sentado no seu lugar , excepto o equipo encargado esa semana de levar a cabo as rutinas iniciais, que ocupará a zona que se destinaba a todo o grupo. Dentro desas rutinas habituais incluírase a lembranza de normas de hixiene e a concienciación do alumnado coa pandemia; actividades que se realizarán presentadas como algo lúdico, así como a hixiene correcta de mans. Neste sentido, deixar claro que nestas aulas o dispensador de xel non estará ao alcance dos nenos, xa que isto podería supoñer un risco, polo que as aulas terán dispensadores de man situados na mesa das mestras, que serán as responsables del e as que o distribúan cando sexa necesario.

#### Colocación do alumnado / agrupamentos:

- Sentarán en grupos estables de 5 integrantes como máximo.

**Recunchos:**

- Minimizarase o seu uso, reducirase ao imprescindible e eliminaranse aqueles obxectos susceptibles de levar á boca.
- Priorizarase o seu uso individual.

**Servizos:**

- As aulas de 3 e 5 anos teñen aseos compartidos, polo que se sinalizará un sanitario para cada aula e evitarase que coincidan simultaneamente alumnos das dúas. Despois de cada uso pasarase un pano de papel con xel hidroalcohólico para a súa desinfección.
- Realizarse a limpeza e desinfección completa dúas veces por xornada lectiva como indica a norma xeral do protocolo.

**Uso de máscara:**

- Utilizarase nos espazos comúns, recreos e sempre que non sexa posible manter a distancia de seguridade tanto para asegurar a protección como para consolidar un hábito moi recomendable.
- Traballarase o xeito correcto de colocalas e quitalas, así como a maneira de gardalas na funda.

**Material:**

- Trala elaboración do presente protocolo engadiremos novo material á listaxe que xa posúen as familias e que viña sendo o habitual todos os cursos.
- Insistiremos na necesidade de ter material propio, de uso individual (caixa de panos desbotables, botella de auga, funda para a máscara co nome, caixa para gardar os materiais) dada a situación actual.

**Aniversarios:**

- Celebraranse de xeito seguro empregando única e exclusivamente o material do alumnado e do centro.
- Evitaremos os paquetes de chuches, tartas,... que as familias traen habitualmente ,ante a imposibilidade de garantir a súa "limpeza" de virus.

**53. Actividades e merenda** (a maiores das previsións xerais sobre recreos existirá unha previsión específica para os xogos e actividades a realizar no tempo de recreo, incluírase unha previsión sobre o tempo de merenda)

**Actividades:**

- Priorizaranse no exterior, procurando non coincidir máis de dous grupos á vez e diferenciando claramente a zona de patio que utilizará cada un deles.
- Proporanse diversos xogos sen contacto e con pouco nivel de risco, como poden ser os xogos de precisión, os motórico -coordinativos (mariola, xoaniña, goma, comba), as agachadas.
- Prepararase unha relación de xogos e actividades a realizar que non impliquen risco para o alumnado.

**Merenda:**

- Realizarase sempre na aula, na propia mesa, antes de saír ao patio.

Id.	<b>Medidas específicas para uso de laboratorios e talleres</b>
-----	--

<b>54.</b>	<b>Emprego do equipamento</b> (nas previsións de uso destes espazos deberá detallarse o uso e hixiene dos elementos e ferramentas que poidan ser utilizadas por varios/as alumnos/as e protocolizárase en función das diferentes ensinanzas os detalles de utilización do equipamento e a necesidade dun recordatorio continuo dos protocolos de prevención)
<p>Ordenadores de aula:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>→ Todo o alumnado do centro a partires de 4º de educación primaria disporá dun netbook para uso persoal e intransferible, debendo ser responsable da súa propia hixiene de mans antes e despois de utilizalo e da súa limpeza e desinfección tralo uso.</li> </ul> <p>Táblets:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>→ O centro dispón de tres táblets e 3 e-books para o alumnado que só poderán ser utilizados por 1 alumno/a por día, previa solicitude e segundo o protocolo establecido para os ordenadores de aula. Unha vez utilizados e trala súa desinfección quedaran en corentena ata o día seguinte.</li> </ul>	

<b>Id.</b>	<b>Medidas específicas para alumnado de NEE</b>
------------	---

<b>55.</b>	<b>Medidas</b> (o equipo COVID, en colaboración co departamento de orientación, establecerá as medidas concretas en relación coa diferente tipoloxía de alumnado con NEE)
<p>A nivel xeral xa se recolleron no punto 24; estableceremos medidas máis concretas e específicas adaptadas as NEE do noso alumnado contando coa colaboración do profesorado especialista do DO.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>→ Alumnado autista:</li> </ul> <p>Pictogramas relacionados co Covid-19 e os protocolos de hixiene e seguridade que tamén poden ser utilizados para o alumnado de infantil dada a súa visualidade.</p>	

<b>56.</b>	<b>Medidas e tarefas. Seguimento</b> (particularizaranse as tarefas e medidas que o persoal docente e coidador debe de extremar en relación co alumnado, as medidas serán obxecto de seguimento continuo para a súa adaptación a cada circunstancia)
<p>Pendente de elaborar polo DO unha vez que todo o alumnado se incorpore ao centro e vexamos as súas necesidades.</p>	

<b>Id.</b>	<b>Previsións específicas para o profesorado</b>
------------	--

<b>57.</b>	<b>Medidas</b> (para as reunións de profesorado, uso da sala de profesores e departamentos estableceranse as medidas que sexan oportunas en función do número de persoas e aforos dispoñibles. Existirán previsións para o uso de máquinas de vending ou cafeteiras)
<p><b>Sala de mestres:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>→ Antes de entrar, se é posible, lavar as mans e se non, botar xel hidroalcohólico.</li> <li>→ Manter as ventás abertas todo o tempo que sexa posible.</li> <li>→ Evitarase pousar obxectos persoais sobre a mesa; agás aquilo que sexa imprescindible para usar.</li> <li>→ Cada mestra/e terá un estoxo ou similar co material que precise, xa que evitaremos compartir.</li> <li>→ As grampadoras, plastificadora, taladradora, guillotina, máquina de café, fotocopiadora,... desinfectarase tralo uso.</li> <li>→ No caso dos ordenadores limparase a superficie do teclado, do rato e da pantalla, que estará protexido na medida do posible por unha funda de plástico que permita unha desinfección rápida e sinxela. Para asegurarnos da súa limpeza debemos desinfectalos antes do seu uso.</li> <li>→ Evitarase coller o teléfono e/ou o telefonillo empregado por outra persoa; de ser necesario limparase antes de utilizalo.</li> <li>→ Na sala poderá estar á vez, un máximo de 10 persoas, mantendo a distancia de seguridade e/ou empregando sempre a máscara.</li> <li>→ Poderán usarse as cadeiras que estean permitidas, sen movelas dese lugar (alternas). Deberá</li> </ul>	

limpase o espazo da mesa utilizado e a parte das cadeiras onde se apoian os brazos, se é o caso.

- Haberá cartelería que recorde as normas e consellos de seguridade e hixiene.
- Haberá papeleira de pedal, que debe quedar ben cerrada despois do uso.
- O persoal da empresa da máquina de café e auga accederá á sala , a ser posible, fóra do horario de recreo.

**Despachos:**

- Unha soa persoa allea ao equipo por rolda, dentro do despacho e antes de acceder a el haberá que limpar as mans.
- As persoas alleas ao centro só accederán con cita previa ou por indicación dos membros do equipo directivo (1 persoa por familia).
- Cando algún persoal do centro empregue algún elemento deste espazo (telefonillo, fotocopiadora, teléfono...) deberá desinfectalo antes e despois do seu uso.

**Reunións:**

- Nas aulas e nas salas de mestres poderán manterse reunións de pequenos equipos.
- As reunións que requiran da presenza dunha gran parte ou totalidade do profesorado realizaranse na biblioteca.
- Empregaranse medios telemáticos sempre que sexa posible.
- Realizaranse as xustas e necesarias, intentando agrupar temas e controlando a duración.

<b>58. Órganos colexiados</b> (o centro incluírá previsións para acomodar ás situacións máis seguras a reunión dos órganos colexiados do centro mediante o uso, de ser o caso, de ferramentas de comunicación a distancia)
<ul style="list-style-type: none"> <li>→ Sempre que sexa posible as reunións de Claustro e Consello Escolar realizaranse por vía telemática empregando Cisco Webex.</li> <li>→ Cando se celebren presencialmente deberán manterse as normas de hixiene e distanciamento social e realizaranse na biblioteca coas ventás e porta aberta.</li> <li>→ As convocatorias serán remitidas aos membros dos órganos colexiados a través de medios electrónicos.</li> </ul>

<b>Id.</b>	<b>Medidas de carácter formativo e pedagóxico</b>
------------	---

<b>59. Formación en educación en saúde</b> (de conformidade coas previsións do plan de formación do profesorado e cos programas formativos existentes no centro intensificarase a educación en saúde, particularmente na prevención fronte a COVID-19, no plan existirá unha previsión das actividades que ao longo do curso se realizará co alumnado e unha previsión xeral do carácter transversal da prevención e hixiene fronte ao SARS-CoV-2)
<ul style="list-style-type: none"> <li>→ O equipo Covid- realizará a formación on line que a Consellería de Educación pon á súa disposición a partires do 4 de setembro.</li> <li>→ A nivel de centro potenciaranse actividades, especialmente dende o ámbito da biblioteca, CCNN e da Educación Física, relacionadas coa prevención e hixiene fronte ao Covid-19; así como da importancia do exercicio físico e hábitos saudables no caso dunha nova situación de confinamento.</li> </ul>

<b>60. Difusión das medidas de prevención e protección</b> (o Plan regulará a difusión da información das medidas de prevención e a distribución das medidas e comunicacións que realice a Consellería de Sanidade e a de Educación, así mesmo, en colaboración co centro de saúde de referencia, incluírá posibles charlas do persoal sanitario sobre a prevención e protección; establecerase a información que será de uso obrigado na web do centro).
<ul style="list-style-type: none"> <li>→ A páxina web do centro, o espazo abalarmobil, os grupos de difusión do whatsapp, a axenda que o centro entrega a cada familia e a cartelería do centro contribuirán á difusión das medidas de prevención e protección.</li> <li>→ Tentaremos xestionar co Concello ou con Sanidade charlas on line para toda a comunidade educativa relacionadas coa prevención, protección e medidas de seguridade fronte ao Covid-19.</li> </ul>

<b>61. Profesorado coordinador da xestión e dinamización das aulas virtuais</b> (o plan determinará o profesorado que, en función dos seus coñecementos e experiencia, será o encargado de coordinar a implantación das aulas virtuais, a
---



	comunicación coas persoas asesoras Abalar ou Edixgal e coa UAC; o persoal docente designado colaborará cos compañeiros que teñan maior dificultade na implantación das aulas e divulgará as accións de formación que estean dispoñibles para o conxunto do persoal docente e dos contidos existentes —engadir unha fila por profesor/a—)
	-J. Casas- coordinador edixgal, profesorado de 5º e 6º de Primaria e encargado da comunicación co asesor Abalar, edixgal e/ou UAC. Responsable do mantemento das aulas virtuais.
	O. Figueiras- profesor con coñecementos informáticos, axudará ás mestras de 3º e 4º de primaria.
	M. López- profesor con coñecementos informáticos, axudará ás mestras de 1º e 2º de primaria..

<b>62.</b>	<b>Previsións derivadas do documento “Instrucións de inicio de curso”</b> (o plan poderá conter aquelas previsións existentes no documento de “Instrucións de inicio de curso” aprobadas pola Dirección Xeral que teñan relación coas medidas de adaptación ao contexto da COVID-19 e que deban ser coñecidas polo conxunto da comunidade educativa)
	<p>Antes do inicio do curso todas as familias terán á súa disposición a información esencial para comezar o curso coa maior seguridade e normalidade posible (Plan de acollida):</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>→ Novas normas de organización e funcionamento.</li> <li>→ Actuacións de prevención, hixiene e prevención.</li> <li>→ Accións formativas para a mellora da competencia dixital do alumnado (para estar preparados no caso de que haxa un novo confinamento).</li> <li>→ Atención os aspectos emocionais e sociais.</li> </ul> <p>→ As reunións presenciais de principio de curso serán substituídas por outras de xeito telemático (videoconferencias, vídeos informativos, con información na web) ou por teléfono naquelas familias que non sexan capaces de resolver.</p> <p>→ O profesorado será informado das instrucións do 30 de xullo de 2020, da Dirección Xeral de Educ., FP e Innovación Educativa en relación ás medidas de carácter curricular e pedagóxico que se deben adoptar neste curso académico.</p>
<b>63.</b>	<b>Difusión do plan</b> (o “Plan de adaptación á situación COVID-19” é un documento público do centro que estará a disposición das autoridades sanitarias e educativas e poderá ser consultado por calquera membro da comunidade educativa, será obxecto de difusión na páxina web do centro e por aquelas canles que o centro considere oportunas)
	Será publicado na páxina web do centro, trala súa presentación ao Consello Escolar e ser aprobado pola dirección do centro, con data sete de setembro de dous mil vinte.
	7 de setembro de 2020

Este Plan segue as directrices marcadas pola Consellería de Educación e o “Documento de apoio al profesorado para evitar la propagación del coronavirus SARS-CoV-2 en un centro educativo”.

(Autor: Francisco Javier Pérez Soriano; Profesor del I.E.S. Poetas Andaluces de Benalmádena (Málaga); Autor y webmaster del portal [www.prevenciondocente.com](http://www.prevenciondocente.com); Técnico Superior de Prevención de Riesgos Laborales en las especialidades de: Seguridad en el Trabajo, Higiene Industrial, Ergonomía y Psicosociología Aplicada.; Máster oficial Universitario en Prevención de Riesgos Laborales por la U.M.A.; Técnico Superior de Prevención de Riesgos Profesionales.; Formador de Formadores en Seguridad y Prevención de Riesgos Laborales; Auditor de Sistemas de Gestión de Prevención de Riesgos laborales), foi elaborado polo Equipo Directivo coas colaboracións do equipo Covid e profesorado do centro, a pesar de non ter formación en materia sanitaria nin de organización en aspectos relacionados coa prevención de riscos laborais.

Trátase dun plan adaptable e modificable en función da situación epidemiolóxica e aberto as achegas e propostas de mellora de toda a comunidade educativa.